

No tobogán da memoria

Libro de Alicia de Olalla Cociña Lozano mereceu o VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño que outorga o Concello de Sarria. Da autora xa coñecemos os seus anteriores poemarios: *As cervicais da memoria* (2005) e *Intemperies* (2006). Nesta nova entrega camiñamos da man de Alicia e asistimos á creación do mundo das marabillas que se elabora coa memoria e coa fantasía que esa mesma memoria pode (re)construír; con Alicia, nunha “Lectura da sombra”, sabemos da muller, da súa “preñez aloulada”, que “traballou coma un home”, sabemos del “baixo un chapeu de aba larga”, presentimos o soño de “inventados soutsos de azafrán” e estrañamos esoutro idioma coma ela. Habitamos a súa soidade e Alicia está “á intemperie”. Entramos no seu espazo, morada cósmica a da “Matriusca” que a envolve, un espazo que fica nas cinzas, unha aldea

Das marabillas e das raíces



MARGA ROMERO



que xa non é, creada nunha lingua que xa non vai ser, quizais tamén nas lindes da memoria, palabras que “pasen a formar parte da historia do cinema desta aldea”, xa non se contan as fabas. Con Alicia atravesamos o espello múltiple das voces con que vai xurdindo, narrada a súa historia, desde ela e as perspectivas que vai componendo, dirixíndose a un eu, que tamén vai medrando no libro. Finalmente, están as nenas, elas, as que descenden polo tobogán da memoria. As últimas moradoras deste mundo, coñecedoras dos obxectos, do contido das palabras que pronuncian. Dos nomes das cousas. Elexía si, a

un mundo, o da aldea que desapareceu para sempre, cando a cidade era un desexo: “Vivir nun oitavo piso/ ter ascensor/ durmir máis preto do firmamento”. É tamén o *Libro de Alicia* a descuberta da propia travesía que a devolve á inocencia, á infancia máis primeira, mais con todo o seu “catálogo de remendos”: “Nunca lle vin o embigo a Alicia./ nunca atinxín a súa orixe./ nin sequera cando a avoa a bañaba/ e eu me preguntaba quen era a filla/ quen a mai”.

Non constrúa a lectora, o lector, un espazo poboado pola nostalgia, onde habita unha Alicia heroína ou mártir. Aquí hai outra cousa e a nostalgia só a leva quen le na súa valixa. Un libro ben construído pode ser até un conto fermoso, un gozo para a lectura que permite que unha Alicia máis próxima nos leve ao outro lado do espello para descendermos polo tobogán da memoria.

COCIÑA LOZANO, Olalla, Libro de Alicia, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2008, 58 páxinas.